



CORREO INFORMATIVO SOBRE NOVO ACORDO DO CONSELLO EN MATERIA DE COMEDORES ESCOLARES

O pasado 15 do mes en curso o Consello da Xunta autorizou , tal e como se especifica no texto do acordo aprobado que se achega con este correo, o aumento dos complementos e compensacións económicas que perciben os directores e encargados dos centros con comedores de xestión directa, os directores dos centros con comedores de xestión indirecta e os colaboradores voluntarios que realizan tarefas de coidado e vixilancia dos menores comensais.

O incremento afecta ao complemento e á compensación diaria por asistencia efectiva ao comedor escolar e a suma total a percibir trimestralmente por este concepto, a mes vencido, será a resultante de multiplicar durante ese período temporal o número de días de asistencia efectiva ao comedor, a partir do 1 de outubro do ano en curso, polo importe económico fixado en cada caso.

Dito acordo autoriza tamén, de xeito excepcional, no caso de non contar no comedor escolar co número necesario de colaboradores que sexan persoal funcionario e laboral destinado no colexio ou pais e nais, titores legais e acolledores familiares dos alumnos escolarizados nel, a estender aos familiares convivintes, que residan no mesmo domicilio dos menores comensais, a posibilidade de colaborar voluntariamente, nos mesmos termos previstos na lexislación sectorial de aplicación para os restantes colaboradores.

A excepcionalidade desta medida condiciona a súa vixencia, que rematará no momento no que deixen de aplicarse as medidas educativas e sanitarias abordadas para paliar a pandemia do COVID-19.

Polo exposto, a fin de coordinar e homoxeneizar en todos os centros de ensino público galegos afectados, a implementación das medidas sinaladas, establécense as seguintes instrucións explicativas ao respecto:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 544 400 – Fax: 981 545 443
www.edu.xunta.es



-1º Os centros escolares con comedores de xestión directa e indirecta darán publicidade dos termos do Acordo do Consello do 15.10.2020 que lles afecten, na páxina web do centro e no taboleiro de anuncios do mesmo.

2º Nos centros de ensino con comedores que teñan autorizados pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería un número de colaboradores, que non poida cubrirse con persoal destinado no centro e cos pais, nais, titores legais e acolletores familiares dos escolares do mesmo, abrirase unha lista de inscrición de novos colaboradores voluntarios que reúnan a condición de seren familiares dos alumnos comensais que convivan no mesmo domicilio destes. Dita lista permanecerá aberta ao longo de todo o curso 2020-2021.

-3º Os solicitantes para seren inscritos deberán aportar unha declaración xurada de que conviven no mesmo domicilio que algún dos menores comensais.

Tamén terán que entregar un certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais de non ter sido condenado por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual.

Por último, contarán coa autorización do pai, nai, titor legal ou acolleto familiar do alumno comensal co que convivan para colaborar no comedor escolar.

-4º Os convivintes admitidos como colaboradores cesarán na súa actividade voluntaria no comedor escolar no caso de que no centro de ensino se reciba petición de colaborar proveniente de persoal funcionario e laboral destinado no colexio ou de pais, nais, titores legais e acolletores familiares do alumnado escolarizado no centro.

-5º Na aplicación “comedores escolares” implementárase de contado a posibilidade de cargar como colaboradores aos convivintes dos menores comensais que resulten seleccionados, de xeito que os centros educativos poidan facela efectiva a todos os efectos.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020



Xacobeo 2021